



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E TRES DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E DOUS
(ACTA NÚMERO 23)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventor:

D. Manuel Roel Hernández-Serrano

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinde e tres de xuño de dous mil vinde e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste como Interventor don Manuel Roel Hernández-Serrano, Interventor Adxunto.

Non asiste a Sra. Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZASETE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezasete de xuño de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZO DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO A EXCEPCIÓN DAS DEPENDENTES DO PARQUE MÓBIL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación por lotes dos servizos de coordinación de seguridade e saúde das obras e servizos da Deputación de Lugo, a excepción das dependentes do Parque Móbil, expediente 2022/CON_02/000046, consta no mesmo:

Informe xustificativo dos criterios de adxudicación, con CSV: IV7D6OPPJFZM3NGO5UMFGEDH6E¹.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7D6726BLRLJ2WM5RNCP77HAA.

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



Prego de prescricións técnicas, asinado pola Xefa da Unidade de Proxectos (Lote I), CSV: IV7D6727DEN2RFN44IQBCMJO4A.

Prego de prescricións técnicas, asinado polo Xefe do Servizo de Vías e Obras (Lote II), CSV: IV7D6724JYBSRD74YEPMIZBVLY.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7D6D3KOH6M55M7AEGUP7XUF4.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7D7QJ6EBJLZTB2YROQ4IZSI4.

Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7D7QJ7PY5CJOODC4ODH4YC6M.

Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítase o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Desistir do procedemento de “Contratación por lotes do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras e servizos da Deputación de Lugo a excepción das dependentes do Parque Móbil” expediente 2021/CON_02/000067, de conformidade co disposto no artigo 152 da LCSP, deixando sen efecto todo o actuado e procedendo ao arquivo do expediente.

2º.- Aprobar a contratación dos servizos de coordinación e seguridade e saúde das obras e servizos da Deputación de Lugo, a excepción das dependentes do Parque Móbil, expediente administrativo 2022/CON_02/000046, cun prazo de duración de dous anos, prorrogables por outro ano.

3º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do

efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

4º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

5º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 242.175,60 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 50.856,87 €, o que fai un total de 293.032,47, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP, atendendo ao seguinte desglose:

Lote 1: Orzamento Base de Licitación: 73.076,57 €. O orzamento sen considerar impostos, é de 60.393,86 €, aos que habería que engadir 12.682,71 € en concepto de IVE (21%).

Lote 2: Orzamento Base de Licitación: 219.955,90 €. O orzamento sen considerar impostos, é de 181.781,74 €, aos que habería que engadir 38.174,16 € en concepto de IVE (21%).

O gasto financiarase con cargo á aplicación 9200.22706 (lote I), a aplicación 4500.22706 (lote II), segundo consta no informe de consignación da Intervención con CSV: IV7D6D3KOH6M55M7AEGUP7XUF4.

O importe total do contrato finánciase conforme as seguintes anualidades:

	Aplic. Orzam.	Importe 2022	Documento contable RC	Importe 2023	Documento contable RC	Importe 2024	Documento contable RC
Lote 1	9200.22706	9.134,57	22022/19737	36.538,29	220229/348	27.403,71	220229/348
Lote 2	4500.22706	27.494,49	22022/19738	109.977,95	220229/349	82.483,46	220229/349



A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2023 e 2024 as cantidades indicadas nas aplicacións sinaladas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DE RESPONSABILIDADE CIVIL PARA AUTORIDADES E PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente da póliza de responsabilidade civil para autoridades e persoal ao servizo da administración xeral da Deputación de Lugo.

Antecedentes:

Memoria xustificativa do contrato e orden de inicio, con CSV: IV7DTUJ4DUG6TDMN6MXVEBQWOI.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7DTUJS3F64V7J6CUQSP5AEB4.

Informe de Intervención relativo á existencia de crédito con CSV: IV7D6OLPBAP3WSFZ6Q5TMV3POA.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7D7QCNNDNR4SVF7C5FQOV3EOI.

Informe xurídico, conformado polo Secretario Xeral, con CSV: IV7D7QC23H624RFI4FYDENCXBY.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7D7QBPNA76J2FYSFXDN5Z7DY.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da contratación da póliza de responsabilidade civil para autoridades e persoal ao servizo da administración xeral da Deputación de Lugo.

2º.- O prazo de duración do contrato é de un ano, con entrada en vigor a partir de las 00.00 horas do día 15 de setembro de 2022, con independencia da data en que se formalice ao tratarse de un contrato privado, suxeito en canto aos efectos e cumprimento ao dereito privado e singularmente á Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contratos de seguro.

O contrato poderá prorrogarse, se ben a prórroga non poderá superar os 12 meses (1 ano), cada vez que se efectúe, podendo prorrogarse en tres ocasións, sen que a duración total do contrato exceda dos 4 anos.

3º.- Aprobación o contido íntegro do expediente incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como criterio de puntuación, así como a obtención de melloras na prestación a través das ofertas realizadas polos licitadores.

4º.- Aprobación e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto con pluralidade de criterios, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do



contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

5º.- Aprobado o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 45.000€, IVE exento, e financíase con cargo á Aplicación Orzamentaria 2210 16205 (gastos sociais do persoal. seguros) segundo informe emitido por Intervención con CSV: IV7D6OLPBAP3WSFZ6Q5TMV3POA.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACEPTACIÓN DA RENUNCIA Á SUBVENCIÓN EXCEPCIONAL OUTORGADA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO Á FUNDACIÓN SARGADELOS PARA SUFRAGAR OS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DO “TALLER INTERNACIONAL *WORKSHOP* SARGADELOS 2017”, ANO 2017.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte, “Asunto: Renuncia á subvención excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Fundación Sargadelos para sufragar os gastos derivados da execución do “Taller internacional *workshop* Sargadelos 2017”, ano 2017, por importe de 20.000,00 €. (EXP. 2022/XEN_01/001674).

Visto o escrito remitido, o 5 de febreiro de 2019, polo representante da Fundación Sargadelos no que se renuncia á subvención excepcional concedida pola Deputación de Lugo á Fundación Sargadelos para colaborar no financiamento do “Taller internacional *workshop* Sargadelos 2017” procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes.

Primeiro.- A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 29 de decembro de 2017, acordou prestar aprobación á seguinte proposta:

“1. Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 20.000,00 €, a favor da entidade Fundación Sargadelos, para sufragar os gastos derivados da actuación “Taller internacional/ *Workshop* Sargadelos 2017”, subvención incluída na Liña 5.2 – Cultura, pertencente á área funcional de Cultura e Turismo do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017 - 2019.

2. Aprobar o gasto de 20.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.48911 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2017, a favor da entidade Fundación Sargadelos, para sufragar gastos derivados da actuación “Taller internacional/ *workshop* Sargadelos 2017”.

3. Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, que se incorpora ao expedienteachega con este informe”.

Segundo.- O convenio da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Fundación Sargadelos para sufragar os gastos derivados da execución do “Taller internacional *workshop* Sargadelos 2017” anualidade 2017, formalizouse o 17 de xaneiro de 2018.

Consideracións xurídico-administrativas.

Primeira.- No artigo 84.1 da Lei 39/2015, do 1 do outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC, no sucesivo) recollese literalmente que: “Porán fin ao procedemento a resolución, a desistencia, a renuncia ao dereito en que se funde a solicitude, cando tal renuncia non estea prohibida polo ordenamento xurídico, e a declaración de caducidade”.

Neste mesmo sentido, no artigo 94 desta mesma lei establece o seguinte:

“1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando isto non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

2. Se o escrito de iniciación foi formulado por dous ou máis interesados, a desistencia ou a renuncia só afectará aqueles que a formularon.



3. Tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.

4. A Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento salvo que, tendo comparecido nel terceiros interesados, estes instasen a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia.

5. Se a cuestión suscitada pola incoación do procedemento entraña interese xeral ou é conveniente tramitala para a súa definición e esclarecemento, a Administración poderá limitar os efectos da desistencia ou da renuncia ao interesado e seguirá o procedemento.”

Segunda.- No artigo 6, concretamente no apartado 2, do Real Decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se publica o Código Civil dispónse que: “2. A exclusión voluntaria da lei aplicable e a renuncia aos dereitos nela recoñecidos soamente serán válidas cando no contraríen ao interese ou ao orde público nin prexudiquen a terceiros”.

Por todo o exposto, no caso que nos ocupa, o representante da Fundación Sargadelos atópase en situación para renunciar á subvención excepcional concedida dado a mesma non é contraria ao interese ou ao orde público nin prexudica a terceiros.

Terceira.- O órgano competente para aceptar a renuncia á subvención excepcional é a Xunta de Goberno por ser o órgano que aprobou o gasto, a concesión e o convenio no que se instrumentara a devandita subvención.

Conclusiones.

Por tales motivos, procede informar favorablemente, que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aceptar a renuncia á subvención subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Fundación Sargadelos para sufragar os gastos derivados da execución do “Taller internacional *workshop* Sargadelos 2017” anualidade 2017, por importe de 20.000,00 €.

Declarar concluso o procedemento da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Fundación Sargadelos para sufragar os gastos derivados da execución do “Taller internacional *workshop* Sargadelos 2017” anualidade 2017, por importe de 20.000,00 €”.

Por todo o exposto proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a renuncia á subvención subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Fundación Sargadelos para sufragar os gastos derivados da execución do “Taller internacional *workshop* Sargadelos 2017” anualidade 2017, por importe de 20.000,00 €.

2º.- Declarar concluso o procedemento da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Fundación Sargadelos para sufragar os gastos derivados da execución do “Taller internacional *workshop* Sargadelos 2017” anualidade 2017, por importe de 20.000,00 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Addenda do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vilalba para a achega do medio propio "Empresa de transformación agraria S.A, S.M.E., M.P. (TRAGSA)" para “a realización da prestación do servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias do Concello de Vilalba.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o Informe do Servizo de Contratación e Fomento, do seguinte tenor literal:



“En relación co expediente, relativo ao encargo da Deputación Provincial de Lugo á Empresa de Transformación Agraria S.A., S.M.E. M.P. (TRAGSA), para a realización de actuacións tendentes á prestación do Servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias do Concello de Vilalba.

Unha vez examinados os seguintes antecedentes:

Resolución da Presidencia do día 08 de xullo de 2021, con CSV: IV7E6PST3A5NZ6W53UNX4MYTE4, pola que se encargan ao medio propio personificado e servizo técnico, Tecnologías y Servicios Agrarios S.A. S. M. E. os traballos de limpeza dos distintos edificios e dependencias do Concello de Vilalba, por un período de seis meses prorrogable por outros seis meses.

Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vilalba para a achega do medio propio "Empresa de Transformacion Agraria S.A, S.M.E, M.P (TRAGSA)" para a realización da prestación do servizo de limpeza e control de accesos dos distintos edificios e dependencias do Concello de Vilalba, formalizado o día 08 de xullo de 2021.

Acordo de Xunta de Goberno, do día 23 de decembro de 2021, con CSV: IV7CUKLP2F72RC5NSFEMK4PCMU, pola que se prorroga o referido convenio.

Consta no expediente escrito do Concello de Vilalba, no que se solicita a prórroga do convenio entre o Concello e a Deputación Provincial de Lugo asinado o día 23.12.2021 por un período de seis meses.

Consideracións xurídicas:

Primeira.- En canto a posibilidade de que por parte da Deputación de Lugo poda facérselle o encargo a TRAGSA ou a súa filial TRAGSATEC, xa consta no informe técnico e xurídico que obra no expediente, a saber Informe con CSV: IV7E6PT4IAUOWTVYCEUFYZE6I.

Segunda.- No que respecta a prórroga, estaba previsto no encargo orixinal e na cláusula segunda do convenio polo que se cede o medio propio ao concello a duración de seis meses con posibilidade de prórroga por un período doutros seis meses, o que non representa impedimento para que se poida facer unha addenda ao convenio orixinal e aprobar un novo encargo polo período solicitado polo Concello.

Tendo en conta que os traballos a realizar son os mesmos que na encomenda orixinal e que os prezos ofertados se facturan conforme ás tarifas correspondentes, considérase que se manteñen inalterables os termos da encomenda.

Terceira.- No relativo á prórroga do convenio, o contido dos convenios detállase, segundo se indicou, nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público. Precisamente o artigo 49, letra h) desta LRXSP establece, en canto ao prazo de vixencia dos convenios o seguinte:

“(...) h) Prazo de vixencia do convenio tendo en conta as seguintes regras:

1º. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que normativamente esté previsto un prazo superior.

2º. En calquer momento antes da finalización do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción (...)”.

Cuarta.- Polo que se refire ao órgano competente para a aprobación de acordo co disposto na Disposición adicional segunda. Competencias en materia de contratación nas Entidades Locais, correspóndelle ao Presidente, tendo delegado na Xunta de Goberno.

Con base no exposto, infórmase favorablemente a solicitude de prorroga – remitida polo Concello de Vilalba- relativa ao encargo da Deputación Provincial de Lugo á Empresa de Transformación Agraria S.A., S.M.E. M.P. (TRAGSA), para a realización de actuacións tendentes á prestación do Servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias do Concello de Vilalba, que deberá materializarse mediante a formalización da correspondente addenda ao convenio de



cooperación formalizado o día 08 de xullo de 2021, e cun novo encargo á Empresa de Transformación Agraria S.A. S.M.E. M.P. (TRAGSA), por un período de seis meses.

En todo caso, deberá darse traslado a Intervención a efectos de conformidade previa á adopción do acordo.”

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e visto o informe da Intervención Xeral, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a addenda do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vilalba para a achega do medio propio Empresa de Transformación Agraria S.A. S. M. E., M.P. (TRAGSA) para a realización de actuacións tendentes á prestación do Servizo de limpeza dos distintos edificios e dependencias do Concello de Vilalba.

2º.- Ordear á empresa TRAGSA a realización dos traballos durante un período de seis meses e formalizar co Concello de Vilalba a addenda do convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VALIDACIÓN DO GASTO EN RELACIÓN CON DIVERSAS FACTURAS.

Informe- proposta de validación do gasto, do Servizo de Parque Móbil, en relación ca omisión de fiscalización de obrigas fora de contrato polo importe de 510,22 euros.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polos responsables do Servizo de Parque Móbil, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

Acreedor	Nº de factura	Data factura	Importe	Obxecto do gasto Expediente GTM	Natureza xurídica	Data realización	Concepto orzam/ado provisional
Ignacio Docando Teijeiro	22/00005	29/01/22	510,22 euros	Subm. Pneumaticos para vehículos e maquinaria 2022/FAC-01/001566	SUBM.	Xaneiro 2022	9201.213 92022/4177
Total			510,22 euros				

Total 510,22 €

Vista memoria xustificativa emitida polo Servizo de Parque Móbil manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se manteñen as condicións do contrato.

Visto informe do Servizo de Contratación e Fomento.

Visto informe de Intervención.

Vista Resolución da Presidencia de data 13/06/2022 na que se aproban que se continue co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 510,22 € segundo a base 20.2 e 4.c de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da obriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordó:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo a obriga e propoñendo o pagamento da seguinte factura, por un importe total de 510,22 €.

Acreedor	Nº de factura	Data factura	Importe	Obxecto do gasto Expediente GTM	Natureza xurídica	Data realización	Concepto orzam/ado provisional
Ignacio Docando Teijeiro	22/00005	29/01/22	510,22 euros	Subm. Pneumaticos para vehículos e maquinaria 2022/FAC-01/001566	SUBM.	Xaneiro 2022	9201.213 92022/4177
Total			510,22 euros				

Total 510,22 €”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PERDA DO DEREITO AO COBRO DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS POLO PROCEDEMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL NA ANUALIDADE 2021.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia do seguinte teor:

“En relación ao expediente da entidade asociativa cultural que se reflicte no anexo, correspondente á subvención concedida por acordo da Xunta de Goberno do día 17 de decembro de 2021, ao abeiro da convocatoria do procedemento de concorrência competitiva para a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades de interese cultural, anualidade 2021, convocado mediante extracto da convocatoria publicado no BOP n.º 156, de data 10 de xullo de 2021.

Visto o informe do Servizo de Cultura, no que se indica que:

1. “Na Xunta de Goberno do día 2 de xullo de 2021, aprobáronse, entre outros asuntos, as bases da convocatoria, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2021, así como o gasto correspondente e os modelos de solicitude que deberían de rexer no procedemento de concorrência para a concesión.

2. Con data 10 de xullo de 2021, a convocatoria publícase no Boletín Oficial da Provincia número 156, concedendo un prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes, a contar dende o día seguinte á publicación no BOP do citado extracto da convocatoria.

3. Con data 17 de decembro de 2021, por acordo da Xunta de Goberno, aproboouse a concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, para a concesión de

subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2021, así como as solicitudes desestimadas

4. Con data 23 de decembro de 2021, publícase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 293, a listaxe de subvencións concedidas e desestimadas pola Xunta de Goberno de data 17 de decembro de 2021.

5. A cláusula 11 das referidas bases, denominada “Xustificación e aboamento das subvencións”, recolle a documentación que as entidades beneficiarias teñen que presentar para proceder ao pago da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa.

6. A cláusula 12 das mesmas bases, baixo o epígrafe “Prazos de xustificación”, prevé: “Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado. A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade e, en calquera caso, rematará o 31 de marzo de 2021 (...)”

Logo de transcorrer o prazo establecido da xustificación das subvencións sen que a conta xustificativa fose presentada na Deputación de Lugo, o órgano de xestión requerirá ao beneficiario da mesma para que no prazo improrrogable de 15 días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención – previo trámite do expediente – (...) de conformidade ao establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no art. 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no art. 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Na declaración de perda de dereito (...) tramitarase o corresponde procedemento con audiencia do interesado”

7. Con data 19 de abril de 2022, a Presidencia da Excma. Deputación de Lugo, resolveu requirir á asociación que se relaciona no Anexo, a que presenten a documentación de xustificación sinalada no punto 11 das Bases da convocatoria, advertíndolles que a non presentación da documentación xustificativa requirida no prazo improrrogable de 15 días, levará consigo a revogación da subvención concedida.



8. Con data 24 de maio de 2022, a Presidencia da Excma. Deputación de Lugo, resolveu iniciar os expedientes de perda de dereito á subvención concedida, á entidade relacionada no Anexo, así como enviar notificación aos interesados dando conta do contido da Resolución citada. Nesta citada notificación, comunícaselles que dispoñen dun prazo de 10 días de trámite de audiencia, de acordo ao establecido no art. 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes e que xa lles foron requiridos no seu momento.

9. Transcorrido o prazo dos 10 días sinalados, constátase que a asociación reflectida no Anexo non atenderon o trámite de audiencia”.

Tendo en conta o sinalado pola Xefatura de Servizo da Área de Cultura, Patrimonio Histórico – Artístico e Normalización Lingüística, a Deputada Delegada que subscribe, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Que se declare a perda do dereito ao cobro total da subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno de data 17 de decembro de 2021, polo que se resolveu o concurso de subvencións destinadas á realización de actividades de interese cultural, na anualidade 2021, convocado mediante anuncio publicado no BOP n.º 156 de 10 de xullo de 2021, á Asociación que se relaciona por incumprimento da obriga de xustificación, en virtude dos artigos 34.3 e 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e dos puntos 11 e 12 das Bases da convocatoria, e despois de transcorrer o prazo de audiencia concedido, sen presentar alegacións nin documentación ningunha.

2º.- Que se notifique aos interesados o acordo adoptado pola Xunta de Goberno.

ENTIDADE	ACTIVIDADE	IMPORTE
ASOC. ANPA CEIP O SALVADOR	VIAXE CULTURAL	650,00€

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

ASUNTO DE URXENCIA

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia aprobada por unanimidade dos asistentes, adóptase o seguinte acordo:

PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CLUB BALONCESTO BREGÁN PARA COLABORAR NO MANTEMENTO DA SITUACIÓN FINANCEIRA DO CLUB BALONCESTO BREGÁN. ANO 2022.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Á vista da solicitude de aata 09/06/2022 e número de expediente 2022/PES-03/011519, formulada por don José Antonio Caneda Goyanes, con DNI/NIF ***1327**, no seu cargo de Presidente da entidade Club Baloncesto Breogán, SAD, con CIF nº A27156496 na que expón a "...dificultade de tesorería á hora de obter en tempo en forma os ingresos previstos nun prazo coincidente co desenrolo da propia campaña deportiva 2021/2022, polo que de cara a pechar o meritado presuposto en próxima data cómpre necesario obter o ingreso de varias partidas pendentes."

E así mesmo, que "...con motivo do vencemento en data 1 de xullo de 2022 do Préstamo con Garantía Personal nº 500-0152-16410/2 subscrito con dita entidade por importe de 289.750,00 €, o Club vese na complexa tesitura financeira de obter liquidez para afrontar dito prazo, sendo de gran importancia o seu cumprimento para a continuidade da súa actividade na Liga ACB e afrontar con garantías a vindeira campaña, tendo en conta as consecuencias negativas e de penalización



económica que conllevaría o contrario (adxúntase como Doc nº1 certificado bancario do Préstamo con Garantía Personal).

Tendo en conta que CB Breogán solicita:

Que, se teñan por fundamentadas as necesidades económicas do Club e, de maneira concreta, da súa tesorería actual de cara a facer fronte ao inminente pago correspondente co contrato de Préstamo con Garantía Personal nº 500-0152-16410/2 firmado coa entidade Abanca Corporación Bancaria, S.A. con vencemento en data 1 de xullo de 2022 e por importe de 289.750,00 €, facendo constar a relevancia deportiva, social e cultural que ven arrastrando o Club nesta tempada 2021/2022 a nivel provincial (entre outros).

Que, tendo en conta o anterior, se aprobe e asigne ao Club unha aportación extraordinaria por importe de 289.750,00 € por parte da Excm. Deputación Provincial de Lugo, manifestando expresamente por medio do presente escrito o compromiso do Club de garantir, conforme a Dereito, a fundamentación de dita cantidade fronte o Organismo ao que nos diriximos con base nos vindeiros contratos de patrocinio a suscribir entre ambas partes ou co mecanismo axustado a Dereito que corresponda.

Tendo en conta que CB Breogán SAD achega certificación emitida por Abanca Corporación Bancaria SA, relativa á póliza de préstamo nº 500-0152-16410/2 por importe de 289.750,00 euros formalizada con data 30/06/2021, na que se reflicte expresamente no seu punto 2:

"Que como garantía adicional del cumplimiento por parte de Club Breogán de Baloncesto, S.A.D., de las obligaciones derivadas del referido Préstamo, entre otras, se formalizó derecho real de prenda sobre los derechos de crédito que ostenta frente a la Deputación de Lugo en relación a contrato de patrocinio publicitario, según contrato de prenda de derechos de crédito futuros derivados de contrato de patrocinio de fecha 15-02-2022, intervenido notarialmente por la Notaria de Lugo Dª Patricia Pose Paz (en adelante, el "Contrato de Prenda").

Tendo en conta que o contrato de patrocinio da anualidade 2002, está sendo obxecto de tramitación, á vista da oferta formulada por CB Breogán SAD de data 05/05/2022 e de acordo á

valoración económica e adaptación a prezos de mercado, realizada pola adxudicataria do contrato 2021/CON_02/000065, Tasaciones Hipotecarias Renta SA e que en desenvolvemento da tramitación do referido contrato de patrocinio anualidade 2022, a valoración formulada pola adxudicataria, atópase en prazo de trámite de audiencia comunicado a CB Breogán SAD con data 03/06/2022.

Tendo en conta que os contratos de patrocinio se asentan no denominando «retorno publicitario», na que o patrocinador goza da notoriedade e da resonancia da actividade que desenvolve o patrocinado,- neste caso o CB Breogán SAD-, a través da súa participación na competición deportiva de baloncesto de carácter estatal, e todas as accións deportivas e sociais asociadas a tal circunstancia, co fin de incrementar entre o público o coñecemento do seu nome ou marca e de favorecer a súa imaxe. e incidir na potenciación da imaxe corporativa ligada ao deporte, a xeración de vínculos institucionais e relacións públicas, ou a asociación da marca á imaxe de club.

Neste caso, a vinculación de patrocinador cun patrocinado CB Breogán SAD que forma parte da estrutura da competicións deportiva de categoría de ámbito estatal como é a ACB, pode supor unha canle axeitada para o asentamento ou notoriedade de marca que se busque, valorando neste caso o retorno publicitario que puidera derivarse da presenza da imaxe institucional da Deputación de Lugo na competición deportiva de carácter estatal, dada a repercusión tanto a nivel provincial, como autonómico e estatal da súa imaxe, o prestixio, a influencia, e o seguimento das súas actividades.

Tendo en conta que o obxecto do convenio é colaborar no mantemento financeiro do Club Baloncesto Breogán por vencemento e devolución de capital a data 1 de xullo de 2022, de préstamo con garantía persoal nº 500-052-16410/2 por importe de 289.750,00 euros, prestatario Club Baloncesto Breogán SAD, e que procederá o reintegro da cantidade aboada pola Deputación, no suposto de que non se formalice o contrato de patrocinio publicitario deportivo CB Breogán SAD con fin de promocionar a marca Deputación de Lugo co Deporte, ano 2022, ou no seu caso, que o contrato de patrocinio da anualidade 2022, non acade o importe comprometido no referido convenio.

Á vista do informe do servizo de Deportes.

Á vista do informe de Contratación e Secretaría Xeral.



Á vista do informe do servizo de Intervención.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o "Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e o Club Baloncesto Breogán para colaborar no mantemento da situación financeira do Club Baloncesto Breogán. ano 2022", que ten por obxecto colaborar no mantemento financeiro do Club Baloncesto Breogán, para a amortización do préstamo con Garantía Persoal formalizado, en data 30 de xuño de 2021, polo Club Baloncesto Breogán coa entidade Bancaria Abanca Corporación Bancaria, S.A, por importe de 289.750,00 € vinculado as prestacións do contrato de patrocinio deportivo, anualidade 2022, a subscribir entre a Deputación de Lugo e CB Breogán SAD.

2º.- Aprobar o gasto por importe de 289.750,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 3410.22602 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo e concretamente con cargo ao contrato de patrocinio publicitario deportivo CB Breogán SAD co fin de promocionar a marca Deputación de Lugo co Deporte, ano 2022, para amortizar o préstamo con Garantía Persoal formalizado, en data 30 de xuño de 2021, polo Club Baloncesto Breogán coa entidade Bancaria Abanca Corporación Bancaria, S.A.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.